

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE DECEMBRO DE 2007

LICENZAS

FAVORABLES.-

2495/07.- Mercedes Rey Domínguez.- Derruba edificación sita na R/ Altiboya núm.12.

PARCELACIÓN.-

1374/05.- Remalúa, S.L.- Parcela sita no Lugar de Nemenzo-Marantes (-).-

DEVOLUCIÓN FIANZAS.-

2304/05.-LaSalle-Institutode Hermanos de Escuelas Cristianas.-..Expte.....391/99...500.000 ptas.... (3.005,06 €).-

OCIHR

LICENZAS.-

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por valor de 1.260 euros.

5 a 138.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no lixo, imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, beneficios fiscais no imposto sobre construcións, instalacións e obras e bonificación na taxa por postos e casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreo de uso público e por venda de artesanía nas rúas, venda ambulante e rodaxe cinematográfica.

Apróbanse os devanditos beneficios.

136.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativas á estimación de recursos interpostos contra acordos da Xunta de Goberno Local referentes a bonificacións no imposto sobre Aumento de Valor dos Terreos de natureza urbana.

Estímense dous recursos presentados.

139.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a anulación de retención de crédito para o equipamento da escola infantil de San Roque.

Anúlase a retención de crédito de 19.931 euros correspondente á achega municipal para o equipamento da escola xa que os servizos de contratación do Concello informan de que os prazos para a tramitación do expediente non permiten aprobalo antes do 31 de decembro de 2007, tal e como se indica no borrador do texto do convenio.

140.- Proposta da concelleira delegada de Mobilidade e Seguridade Ciudadá relativa á adxudicación do subministro e instalación de semáforos na Praza de Puente Castro.

Adxudícase o subministro e instalación de semáforos na Praza de Puente Castro, cun orzamento de 19.904 euros, á empresa TELVENT.

141.- Liquidación do Programa "Coñecendo o País".

Apróbase a liquidación do programa, que arroxa as seguintes contas:

Ingresos: 33.431 euros

Gastos: 23.806 euros

Superávit: 9.625 euros.

142.- Autorización para a realización de horas extraordinarias polos departamentos de Servizos Sociais e Festas.

Autorízase a realización de horas extras por parte de 5 traballadores dos departamentos de Servizos Sociais e Festas

143.- Xustificacións de gastos de convenios.

Xustifícanse os gastos dos seguintes convenios:

- Sala Yago: 2º pago do convenio (18.750 sobre un total de 25.000 euros).
- Asociación Cultural Barriga Verde: 15.000 euros.

144.- Proposta do concelleiro delegado de Obras e Infraestruturas relativa á recepción provisoria de parte das obras de urbanización (1ª fase) dentro da ordenanza especial número 5 (OE-5) de Galeras-Universidade.

Acórdase a posta en servizo provisoria de parte das obras de urbanización correspondentes á OE-5 (1ª fase), co compromiso por parte do promotor de ter rematadas e conformes as obras do resto da 1ª fase no prazo máximo dun mes para proceder á recepción correspondente desta 1ª fase.

145.- Proposta da Alcaldía relativa á encomenda de xestión do Concello de Santiago ao Consorcio para formular a proposta de candidatura de Santiago para participar cunha mostra na área de "Mellores prácticas urbanas" na Exposición Universal de Shangai de 2010.

Apróbase a proposta.

URXENCIAS:

1.- apróbase o convenio de colaboración coa Fundación Galicia Emigración, en virtude do cal o Concello achega 30.000 euros

2.- apróbase a prórroga do contrato de dous traballadores para a execución do Programa Axentes de Emprego, da Concellaría de Promoción Económica, subvencionado pola Consellería de Traballo cun total de 47.350 euros.

3.- apróbase a continuación do seguinte persoal da UMAD: un traballador social, un farmacéutico, un auxiliar administrativo e dous psicólogos.

4.- apróbase a contratación dun administrativo para a Concellaría de Benestar Social e Muller a partir do 1 de xaneiro.

5.- apróbase a renovación do contrato ata o 31 de decembro de 2008 da psicóloga que está a desenvolver o programa do Plan de Inclusión Social.

6.- acórdase a contratación dun traballador social para Servizos Sociais, para a atención das Unidades de Traballo Social e para a atención específica das iniciativas que se desenvolvan con motivo da implementación da lei de autonomía.

7.- apróbase a prórroga dos contratos de 6 traballadores que prestan os seus servizos no Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche.

8.- acórdase proceder ao pago das subvencións destinadas ao fomento de actividades culturais do ano 2007 a 13 entidades por un importe total de 35.000 euros.